



CONCELLO DE VIGO

Expte.1682 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de MAIO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día vinte e catro de maio de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(387).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(388).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E RESPONSABLE DOS CONTRATOS RELACIONADOS COA ORGANIZACIÓN DOS EVENTOS DO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 10155/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 24/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 24 de maio de 2024, a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do servizo de Festas.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), con especial fincapé na necesidade da publicidade derivada do patrocinio, xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 24 de maio de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 24 de maio de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1682 /1102

- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 24 de maio de 2024.
- Memoria económica, de data 24 de maio de 2024.
- Certificados de retención de crédito de data 24 de maio de 2024 .
- Memoria xustificativa, de data 24 de maio de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 24 de maio de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrencia.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

“Primeiro: Declarar a urxencia da tramitación do procedemento debida a proximidade dos eventos obxecto do Servizo de Asistencia a contratar.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de Festas.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 24 de maio de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 41.336,88 €, sendo o valor estimado do contrato de 179.192,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" e as seguintes anualidades:

- ano 2024: 33.069,50 €
- ano 2025: 8.267,38 €

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(389).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS". EXPTE. 10068/335.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1682 /1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 14 de marzo de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 26 de marzo de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 866.366,34 €, sendo o valor estimado do contrato de 3.944.570,08€ con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” e as seguintes anualidades:

- ano 2024: 826.470,17 € (95,395 %)
- ano 2025: 39.896,17 € (4,605 %)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de maio de 2024, de VIVE NIGRÁN, S.L. por non axustarse a súa oferta ao disposto no prego de prescricións técnicas consonte á cláusula 14.3.B) (“A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que concorran algunha das seguintes circunstancias: (...) c) Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas”). :

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (10068-335) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---------------------|------------------|
| 1 | FLUGE GALICIA, S.L. | 85,00 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar, tanto a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-, como habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., o día 16 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida os días 20 e 21 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- As escrituras de constitución e de cambio de denominación da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (2.761.199,06 €), presentan as contas da licitadora que integra a solvencia do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (606.456,44 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos no apartado 5F e 5G do Anexo I -FEC- do PCAP , respectivamente.)
- Solicitud de retención no prezo da garantía.

Ademais desta documentación, figuran no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA e, no expediente, o do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FLUGE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1682 /1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FLUGE GALICIA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 13 de maio de 2024 e o acordo da Mesa de Contratación, de data 16 de maio de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeil a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de maio de 2024, de VIVE NIGRÁN, S.L. por non axustarse a súa oferta ao disposto no prego de prescricións técnicas consonte á cláusula 14.3.B) (“A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias: (...) c) Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas”).

Segundo.- Adxudicar a FLUGE GALICIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (10068-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 866.366,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 150.361,10 euros.*
- b) Porcentaxe de desconto a aplicar á parte fixa do contrato do 6 %.*
- c) Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 6 %.*
- d) Incremento dun vixilante uniformado a maiores do esixido na cláusula 6 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos eventos das tipoloxías II e III.*
- e) Incremento de catro caixas de son do Delay.*
- f) Incremento do equipo de iluminación en 10 unidades de focos PAR LED e en 6 unidades de cabezas móbiles híbridas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez